

Ferrolterra, 18 setembro do 2014

A nosa actividade abelleira require moita paciencia e constancia, aínda non podemos solucionar o grave problema dos neurotóxicos e xa nos chega outro non menos inquietante. É importante ver que o denominador común é o mal facer da actividade humana, que está alterando seriamente o medio ambiente.

VELUTINA.- En moitas partes da nosa Galicia costeira hai moita preocupación polos efectos da velutina sobor as colmeas, como resposta a dita inquedaanza AGA acomete unha serie de iniciativas para tratar de minimizar o problema como:


- Campaña de sensibilización. - Este non é un problema que solo afecte aos abelleiros e abelleiras, este é un grave problema medioambiental. Os que peinamos canas xa vivimos situacións similares (varroa, neurotóxicos, Cascade, etc.) e sabemos que os problemas gordos non se amañan sen esforzó e con iniciativas individuais polo que como sempre que se require desde AGA nos puxemos a traballar. Sensibilizando a opinión pública (roldas de prensa, entrevistas na TVG e radio, etc.) e como en ocasións anteriores temos que facer grupo con outros sectores afectados (maderistas, fruticultores, ambientalistas, etc.).
- Xuntanzas Abelleiras. Este problema da velutina é novo para todos nós - e onde xa existe desde hai anos (Francia, Portugal e País Vasco) aínda non atoparon unha solución selectiva e eficaz- polo que todos xuntos temos de aprender a combatila. Para conseguilo AGA organizou unha serie de reunións polas zonas afectadas. Comezouse coa solicitude dos afectados de Cedeira (día 11 de agosto), e por iniciativa de AGA en Ortigueira (día 14), Tomiño (22) e Viveiro (29 de agosto). Estas reunións tiveron como obxectivo obter unha serie de conclusións para levar as nosas xustas reivindicacións a unha nova xuntanza que pretendemos ter coa Administración en setembro.
- Reunións coa Administración.- Desgrazadamente a Administración é como una gran máquina enquilosada que para moverse temos que empuxala. Para expor a grave situación que actualmente están padecendo as zonas máis azotadas (non esquezamos que nun futuro inmediato os afectados seremos casi todos) como as Rías Altas (Cedeira, Ortigueira, Viveiro...) a nosa directiva e unha representación dos afectados quere entrevistarse con altos cargos da Administración para esixir máis medios humanos e materiais para frenar a plaga, pero fanse os xordos.

En resposta á inoperancia da Administración os abelleiros afectados non podemos quedar calados, teremos pois que berrar alto e forte ante a súa porta. As delegacións de AGA afectadas (Ortigueira, As Pontes e Ferrolterra) aunarán esforzos para tratar de trocar esta situación.

A VELUTINA NO NOSO "VII CONGRESO HISPANICO" - COMPOSTELA (3, 4 e 5 de outubro)

Considerando a grave situación que atravesan os nosos compañeiros da zona norte, AGA intensifica esforzos na resolución do problema e unha das iniciativas é a de incluír no programa do congreso unha mesa redonda específica con técnicos curtidos no tema.





AGA como organizador do "VII Congreso Apícola Hispánico" decidiu incorporar no programa unha nova mesa redonda, que se realizará o domingo 5 de outubro pola mañá e con entrada libre. Participantes da mesa redonda sobor a Velutina:

- Gilles Fert (técnico francés).
 - José Luis Rodríguez Basagoiti (Asoc BAMEPE de Vizcaya)
 - Julián Urkiola (Asociación de Apicultores de Gipúzkoa).
 - Carlos Valcuende (Confederación en Defensa de las Abejas en la Cornisa Cantábrica).
 - Sandra Rojas e Dieter Boisits (Universidade de Vigo).
 - Gonzalo Calvo (veterinario da Asociación Galega de Apicultura).
- Información sobor o congreso.-
<http://www.apiculturagalega.es/congreso/gl/Presentacion>

ACTIVIDADES ABELLEIRAS EN FERROLTERRA

DOMINGO 5 DE OUTUBRO.- Desplazamento colectivo ao congreso. Saída ás 8:30 horas da igrexa do Pilar de Ferrol. Transporte subvencionado ao 50% pola delegación. Prezo socios da delegación 5 € e non socios 10 €. As prazas reservaranse por data de entrada hasta cubrir a capacidade do autocar. Para reserva contactar coa delegación.

“XIV FEIRA DO MEL E DOS PRODUCTOS ECOLÓXICOS”.- Despois de varias reunións no concello fixouse a data (domingo 12 de outubro) e o programa formativo. As condicións de participación serán idénticas ás do ano pasado. Todo membro da delegación que estexa interesado en participar que avise.

XORNADAS TÉCNICAS.- Como xa vai sendo costume co galo da feira organizaremos tres xornadas técnicas. Aínda que os tempos non son bos -para a obtención dos recursos económicos- como as nosas aladas amigas con constancia e esforzo conseguimos artellar algo que esperamos sexa do voso interese.

Martes, 14 de outubro.- FACTORES DA CALIDADE DO MEL, por Noelia Gabeiras Alonso, técnica responsable do laboratorio da “Casa do Mel” de Goente. Repaso dos parámetros e normas que definen a calidade do mel.



Mércores, 15 de outubro.- “ABELLAS E FRUTAIS, mutualismo ecológico perfecto”. Equipo técnico da Asoc. Galega da Froita Autóctona e da Delegación Ferrolterra de AGA. Importancia da polinización sobor a biodiversidade e na fruticultura en particular. Posibilidades económicas que ofrecen de xeito conxunto.

Xoves, 16 de outubro.- “A VESPA VELUTINA NA NOSA TERRA”. Equipo técnico da delegación Ferrolterra de AGA e apicultores de Cedeira. Coñecemento biolóxico e incidencia actual na apicultura e no medio ambiente en xeral. Métodos de control. Participación dos nosos compañeiros afectados de Cedeira e os seus métodos prácticos de control. Tódalas charlas realizaranse no Parque Temático de Desenvolvemento Rural de Aldea Nova (Sedes-Naron), ás 19 horas.

PREPARACIÓN DE LA INVERNADA

Es opinión generalmente aceptada que la campaña apícola comienza en los meses de septiembre - octubre, cuando tras extraer la cosecha, se procede a la preparación de la colmena para la invernada, ya que de ésta depende el arranque y posibles expectativas de toda la campaña siguiente.



En primer lugar, debemos verificar el estado de todos los componentes de la colmena, reparando o reemplazando las partes que presenten una conservación deficiente.

En la antigüedad, esta faena se realizaba mediante la práctica del lodado, las colmenas rústicas, se cubrían con barro que al endurecerse ofrecía una buena protección frente a las corrientes de aire y humedades de lluvia etc., a la vez que el barro ofrecía unas excelentes propiedades de transpiración que facilitaban la eliminación de la humedad interior.

En la actualidad, con las colmenas modernas, debemos repasar la base, alzas, tablerillo y tapa y sustituir las piezas que por deterioro no ofrezcan una protección adecuada.

También es importante verificar que las colmenas están adecuadamente levantadas y aisladas del suelo para asegurarnos que la humedad no es absorbida por la colmena, téngase en cuenta, que la humedad es una de las causas que más inciden en el estado sanitario de la colmena, ya que facilita la proliferación de hongos de todo tipo.

Otro punto fundamental a tener en cuenta al preparar las colmenas para la invernada, es el estado de las reservas, siendo necesario revisar no solo la cantidad de miel que las dejamos, sino la ubicación de la misma, reestructurando el nido para que la miel esté siempre accesible a la bola de abejas.

En caso contrario, en zonas frías, puede ocurrir que la colmena muera de hambre disponiendo de miel en alguna parte de la colmena, ya que a medida que la temperatura desciende, desciende asimismo la movilidad de las abejas, siendo de esta manera incapaces de llegar a la miel, autentico combustible de la colmena.

Por supuesto no podemos dejar pasar por alto la revisión de la reina, eliminando, mediante reunión, todas aquellas colmenas sin reina o zanganéras, ya que no tendrían ninguna posibilidad de superar el invierno.

Otros puntos a tener en cuenta son el afianzar las tapas mediante piedras u otros pesos para evitar que vuelen con los temporales, inclinar las colmenas ligeramente hacia delante para impedir que el agua de lluvia pueda entrar por la piqueta, y sobre todo despejar de vegetación los alrededores de la colmena, de manera, que los días soleados, cuando salgan las abejas a realizar sus vuelos de limpieza, puedan encontrar la piqueta con rapidez y libre de obstáculos para evitar el enfriamiento que provoca una salida prolongada con la consiguiente muerte de abejas.



Queda por fin el realizar la reducción de piqueras, para evitar el ataque de los roedores, que en invierno buscan cobijo dentro de las colmenas, donde encuentran calor y comida, sin que apenas las abejas puedan defenderse al tener reducida su actividad vital al mínimo.

VISITAS DE INVIERNO .- Durante el invierno, es necesario realizar algunas visitas de comprobación al colmenar, verificando que las tapas de las colmenas permanecen en sus lugares y cumpliendo su función, que ninguna colmena ha sido volcada por el viento o los animales, domésticos o silvestres, que ningún reductor de piqueta haya sido removido de su sitio permitiendo la entrada de ratones etc.

Queda absolutamente desaconsejado la apertura de colmenas durante el invierno, a no ser necesario por causas de fuerza mayor, o para proceder a la solución de algún problema, ya que el propóleo que sella todas las posibles rendijas, esta frío y quebradizo, y sería prácticamente imposible cerrar la colmena asegurando la estanqueidad de la tapa, además, la apertura de la colmena en época invernal, obliga a las abejas a un esfuerzo y un consumo suplementario para restablecer las condiciones de aislamiento y temperatura de la colmena.



ENTIDADE AGRARISTA CIRCULO GACELA.- En outubro reanudaremos a actividade formativa e entre outras cousas temos previsto un curso de setas (recoñecemento, recolección e cociñado) e unha visita a unha bodega artesana. Os interesados que nos chamen.

Aprendamos das nosas amigas as abellas “a unión fai a forza”. AGA desde 1980 facendo camiño.

Saúde e mel.
Grupo de traballo
AGA Ferrolterra

REMITE:



C/. San Salvador, 41- 2º
15404 Ferrol